

## Curros Enríquez, no bronce, na Habana

**Luís González Tosar**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

GONZÁLEZ TOSAR, LUÍS (2011 [1988]). “Curros Enríquez, no bronce, na Habana”. *Dorna*: 14, 77-80. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/525>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ TOSAR, LUÍS (1988). “Curros Enríquez, no bronce, na Habana”. *Dorna*: 14, 77-80.

\* Edición dispoñíbel desde o 22 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**CURROS ENRÍQUEZ,  
NO BRONCE, NA HABANA**

Luís González Tosar

Calquera que suba polas maxestuosas escaleiras do Palacio do Centro Galego en pleno Paseo de Martí habaneiro, comprobará como a cada lado daqueles descansados chanzos de mármore branco hai dous nichos, dúas fornelas abertas na parede e baleiras. Nunha delas, concretamente na da esquerda, estivo exposto noutrora un busto de bronce do poeta Manuel Curros Enríquez.


Se cadra o visitante, ten a grande sorte de dar alí na mesma porta cun home xa andado en anos, iso si, perfectamente identificable pola cachimba colgada nun recanto dos labios, lugar que non abandona case nunca, nin sequera cando fala o seu propietario. Chámase José A. García Antón, é cubano, fillo de galegos, e exprésase na nosa lingua cunha engaiolante e extraña fonética caribeña. El poderá levarvos por un nostáxico percorrido. Abrirá as portas de salóns inmensos, explicará polo miúdo o lugar exacto que ocupaba cada cadro, lámpada ou mural, encherá coa calor das súas descrições un Teatro presidido polo escudo de Galicia. Alí dentro adiviñáredelas pegadas de Ramón Cabanillas poeta e administrador, naqueles tolos anos vinte con tantísimas noites de galas, longos vestidos de seda e chaqués axustados, óperas famosas ou festivais benéficos para erguer escolas en Galicia.

Pepe García Antón achegaravos dilixente, ás fiestras e ás celosías con polrós e bisagras enferruxadas, naqueles balcóns semicirculares da fachada barroca, viva testemuña do latexar do corazón dunha cidade. Escoi-

taredes tamén, nun silencio de estancias baleiras o ruído das fichas do dominó nas mesas de mármore, lembrándonos co seu imaxinario petar, abafantes tardes de domingo, con paisanos nosos que non aturaban no pescozo as camisas almidonadas, pero que as lucían fachendosos coma un doroso símbolo de ter feito a América. Veredes, se sodes un chisco románticos, tralas columnas de recargados capiteis, e nos espellos mudos dos salóns, as meixelas tímidas das mocíñas, fillas da colonia, os seus corpos lanzais lenemente acariñados no van, por mans adolescentes que cambiaron de súpeto a rabela do arado aló na “aldeia lonxana”, polo tacto co papel de estraça os aceites e as cousas de comer, aquí en calquera mostrador dunha “bodega”.

O voso guía, havos aclarar contundente, que a biblioteca foi trasladada no seu día, non a Moscú, como dixeron algúns malintencionados que na súa vida colleron un libro nas mans, senón que está moi preto dalí, no “Instituto de Lengua e Literatura”, concretamente, na súa Sección Galega, baixo a custodia atenta e rigorosa do noso Xosé Neira Vilas.

Ese homiño, que vos acompaña e que fai que non vos decatades do paso das horas, non se cansa nunca, porque tira os seus folgos dun amor transparente por todo aquilo que represente o ser galego. El tenvos aínda reservada unha sorpresa, o tesouro máis valioso; un busto de bronce de Manuel Curros Enríquez gardado na sala onde aínda hoxe se reúnen puntualmente, máis de trinta pequenas socie-



A Comisión Pro-Centenario "Curros Enríquez" reunida no hall do Centro Galego da Habana. Decembro 1951.

dades que proclaman nos seus nomes a múltiple e ricaz toponímia de Galicia.

No ano 1951 cumpríase o centenario do nacemento de Curros, en Galicia pouco ou nada podía facerse para conmemoral-a data da chegada ó mundo daquel espírito rebelde e solidario que nos ordeou creba-las liras. Todos aqueles que o poeta aguilloara e denunciara co poder do verso, campaban pola forza, nun país cheo de cadeas, que escomenzaba naqueles 50 a remove-la lousa imposta pola tiranía incivil. Foi fóra da Terra, na outra banda de Galicia, en Buenos Aires, México e Montevideo onde a lembranza do de Celanova se espallou ós catro ventos como era merecente aquel que tanto honrou as nosas letras.

En Cuba, na Habana, onde des-

correra a andadura final do poeta, alí onde a morte fatal tronzara o seu canto cívico, non podían permanecer alleos os seus compatriotas diante da conmemoración.

Coa chegada do ano 51 formouse un numeroso "Comité Pro-Centenario Curros Enríquez", presidiuno Ramón del Campo González, vicepresidente do Centro Galego, e estaba integrado por persoas destacadas como o escritor Ramón Fernández Mato, e máis de cincuenta representantes da maioría das Sociedades Galegas da Habana. Acordaron celebrar varios actos, e invitar a algún intelectual de Galicia para que oficiara de mantedor das xornadas, que terían lugar, non arredor do 15 de setembro, data do nacemento de Curros, senón dous meses despois, en decembro. Veremos como aquel Comité non era indiferen-

te ás fondas loitas políticas ás que estaba sometida a comunidade galega en Cuba, e nas que participara Castelaio quince anos antes. O Comité, igual que algunhas Sociedades de emigrados e o propio Centro Galego, estaban daquela, en mans dunha dereita, colaboracionista moitas veces do réxime de Franco.

Á hora de escolle-la personalidade invitada, o encargado de facelo non foi o Comité, senón que lle tocou a vez á Asociación Iniciadora e Protectora da Real Academia Galega. Esta Asociación, tiña os seus locais no mesmo Palacio do Centro Galego e estaba presidida polo xesuíta P. Xosé Rubinos, profesor de literatura no famoso Colexio de Belén e prolífico poeta en lingua galega, o bibliotecario daquela docta Institución, tan unida á memoria de Curros Enríquez, era José A. García Antón o noso guía de hoxe polos espazos que abren esta evocación, daquela un mozo como tantos outros educado no Plantel Concepción Arenal, o colexio da instrución primaria e secundaria do propio Centro Galego.

Sabemos por unha carta que Ramón Otero Pedrayo lle envía a Buenos Aires a Manuel Puente, mecenas da cultura galega, republicano e galeguista, que Otero foi invitado, en principio a ir á Habana. A carta está datada o 26 de marzo daquel ano 51, e entre outras cousas D. Ramón di: “Recibín unha invitación da Sociedade Protectora da Academia Galega na Habana pra ir alá voando no setembro a falar nas Festas do Centenario de Curros e outros actos. Non sei que faga, miña nai está moi doentiña...”

O curazón cecais se non atempe-re ó ritmo do avión”.

Evidentemente, Otero Pedrayo

non foi á Habana, non sabemos se polas causas que el alega na carta, ou se os que o invitaban acordaron, e decidiron levar a outra persoa menos conflictiva, e que estivera ideolóxicamente identificada co réxime franquista. Foi mágoa, porque de ir Otero, houbéranos deixado seguramente nun libro as súas impresións e sensacións en Cuba, como nos agasallou con esa fermosísima crónica-lírico-emotiva da súa primeira viaxe á Arxentina titulada *Por os vieiros da saudade*.

Volvendo ás dificultades daqueles emigrados para atopar un intelectual galego que falara de Curros e que non crease un problema político polo seu compromiso democrático e galeguista, descartado Otero, foron dar á final co nome de Eugenio Montes. Así, nas crónicas e gacetiñas da prensa habaneira daqueles días fálase do invitado sempre, como “un eminente intelectual español de las Reales Academias de la Lengua y de la Gallega” e dise do propio Curros “ilustre poeta y periodista español y cubano, que desde las columnas de “Diario de la Marina” influyó eficazmente en la opinión pública en los primeros años de nuestra República”.

A velada literaria celebrouse no Salón Principal do Centro Galego o día 16 de decembro e nela interviñeron varios oradores, Germán Barra-bar, Eladio Vázquez Ferro, Ramón Fernández Mato... pechando o acto solemne Eugenio Montes. Pero ese mesmo día, a Sociedade Unión Orensana, fixera entrega dun busto de Curros Enríquez fundido en bronce por un escultor cubano, que pasou a ocupa-la fornela esquerda do suntuoso hall de entrada do Palacio do Centro Galego.

Velaí, as ensarilladas reviravoltas

desta escultura que representa á nosa máis pura voz civil do XIX ollando firmemente para o horizonte, a nobre testa virada cara á dereita, o queixo erguido, longa barba e bigote retorto nas puntas, e sen “espejuelos” (como lle gusta apostilar a Pepe García Antón cando llo mostra a algún visitante).

Ata aquí a historia feita evocación, dun busto destinado a perpetuar a memoria da personalidade literaria máis atractiva e contradictoria do noso rexurdimento. Ben seguro que a Curros faríao feliz que ese bronce hoxe esquecido, servira para fundir nel tódalas cadeas e argolas que priva-

ron de liberdade a galegos e cubanos.

Non sería desencamiñada a idea de que os escritores cubanos atoparan un curruncho na Habana para pousala escultura do escritor galego. Porque a pesar de todo, non sei se sabedes que “Unha noite na eira do trigo” escoitase e é tema moi popular na Cuba de hoxe, nun simpático e esbaradizo arranxo que tocan as orquestras polas rúas desta metrópole, a mesma que amou un poeta senlleiro e pobre, camiño da rutina do periódico, vestido cun traxolo moi gastado, certa tarde de arrecendos coma esta.

Habana, agosto 1988



Descobrimiento do busto de Curros doado pola “Unión Orensana”.

De esquerda a dereita, Ramón Fernández Mato, Germán Banabar, Conchita Brunet e Eugenio Montes. La Habana, 16 de decembro de 1951.